

Luís Seoane: *Bodegón de xerra e cebolas*, 1953. Óleo sobre lenzo, 45,6 x 55 cm

Do 18 de setembro ao 13 de dezembro de 2014

Centro Sociocultural Afundación
Praza Maior, 16 - Lugo

Horario. Luns a venres de 18.00 a 21.00 h
Sábados de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Infórmate das visitas comentadas e dos obradoiros infantís
www.afundacion.org / 982 289 096

//Afundación

Manuel Quintana Martelo: *Marmellos*, 2007. Óleo sobre tea, 162 x 200 cm (detalle) @VEGAP, Lugo, 2014

O BODEGÓN OCULTO

A natureza morta na arte contemporánea galega




UNHA LINGUAXE SECRETA

A natureza morta, xénero descritivo por excelencia, serviu ao longo da historia da arte occidental non só para unha finalidade puramente decorativa, senón para moitos artistas elaboraren unha moi sólida estratexia de representación. O xénero tornouse axiña, xa desde o seu comezo nos anos finais do século XVI, un vehículo para a ostentación e para a demostración da mestría do artista.

A apelación ao sensitivo e ao sensual foi fundamental neste proceso, ligada a unha vontade de creación duns ambientes reconfortantes e a unha sensación de benestar. Nun sentido distinto, e case que contraposto, están as naturezas mortas nas que as estratexias realistas son parte dunha singular concepción formal e simbólica. No bodegón peninsular este aspecto resulta ben evidente, xa que nel os elementos simples da vida cotiá están sometidos a unha análise na que a simetría e o tratamento austero dos obxectos e do espazo é primordial. Nesta pintura conflúen, sen se excluíren, o cartesianismo e o ascetismo, a ordenada xeometría, a composición, a sobriedade e a espiritualidade.

A natureza morta nos séculos XVII e XVIII era considerada un xénero menor. A pesar diso, sempre gozou do aprecio dun coleccionismo culto e refinado que procuraba nela mensaxes de oculto simbolismo. Posteriormente pasou a ser un xénero cada vez máis valorado e recuperado para a sensibilidade moderna. A razón quizais estea en que permitía combinar a liberdade expresiva desde o universo da intimidade e o cotián. As simples cousas representadas, por moi realistas que pretendan ser, son, en realidade, distintas percepcións afastadas de calquera obxectivación, porque a natureza morta foi, de facto, un campo de experimentación plástica e tamén un reflexo do mundo emocional dos pintores, cando neles aparecía o talento creativo. E este agroma de xeitos ben desemeallantes; para algúns o formal domina no tratamento dos obxectos; para outros, as naturezas mortas teñen unha carga emocional, un aspecto que pasa ao primeiro plano, por exemplo, cando aparecen os cranios, alusións funerarias evocadas polas *vanitas* do período barroco.



IDENTIDADE E TRADICIÓN DA MODERNIDADE

Os anos iniciais do século XX ficaron marcados por unha rápida sucesión de innovacións radicais: o abandono do naturalismo no debuxo e na cor e o rexeitamento sumario da perspectiva. O bodegón era o vehículo ideal para proseguir o reformular rigoroso da linguaxe da representación, que unha nova vocación pictórica parecía esixir. O cubismo e as súas derivacións estarían dentro deste mundo referencial.

Alén disto, a natureza morta pode ser entendida como unha forma centrada no mundo dos obxectos, mais, na modernidade, a propia natureza dos obxectos tórnase fonte de tensión e incerteza, pois, na arte moderna, interrogar a existencia das cousas anda á par con cuestionar radicalmente as estratexias de representación.

Este xénero é utilizado polos pintores galegos atendendo a dúas perspectivas máis complementares que contrapostas: como representación de obxectos domésticos —non sempre allea a valores de identidade— e como exercicio de estilo.

No primeiro caso, a escolla está en relación cos recursos temáticos do pintor, xa que opta por obxectos de uso popular, como cerámicas, postos de froitas ou patelas de peixe que son tamén espello da vida do pobo. En ocasións elaboran composicións de aparente sinxeleza, sendo os temas tratados como problemas de composición, mais cun valor de evidente carga simbólica.

No segundo tipo de pintura, a representación de obxectos é fonte de experiencia e estes son escollidos pola súa sinxeleza xeométrica ou, en xeral, polas calidades formais. Daquela, a natureza morta serve para elaborar estratexias de representación. Ademais, moitas destas obras semellan establecer diálogos cunha tradición do xénero na arte occidental moi concreta: a que prefire a austeridade e simplicidade, a que valora e procura a beleza dos obxectos habituais e desdeñados fóra da súa utilidade; esa liña da tradición do bodegón que nos remite á orixe do xénero a finais do século XVI.